

Con data 11 de marzo 2019 publicáronse as Listas Definitivas da Convocatoria **4/2019** de contratación de persoal para colaborar en actividades de investigación mediante contrato en réxime temporal,

Visto o escrito presentado polo Investigador Principal Don Andrés Baselga Fraga, da praza de referencia 2018-PG058, titulada “Consolidación e estruturación 2018 GPC GI-1274 Biodiversidade, Bioxeografía e Conservación de Invertebrados (BiBiCI)”, no que manifesta que entre os candidatos admitidos figura Dona Carola Gómez Rodríguez, co que o une un parentesco de consanguinidade de primer grao.

Esta Reitoría RESOLVE, nomear a **Don Francisco Javier Iglesias Piñeiro** para a valoración das solicitudes da praza de referencia **2018-PG058**, dado que o Investigador Principal deberá absterse de intervir, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á data da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8 da Lei da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2019
Por delegación do reitor
(Resolución do 20/06/2018, DOG 29/06/2018)
O Vicerreitor de Investigación e Innovación,

Vicente Pérez Muñuzuri
(documento asinado electrónicamente)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: VICENTE PEREZ MUÑUZURI, NIF 33267295A, 12/03/2019 09:09:31.

CSV: CFFB-7797-4CE8-860A